



CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

## DECRETO

**Nº Expediente: 2024/CONTRAT/000073**

**ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRA POR PROCEDIMENTO ABERTO, DENOMINADO “MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA”**

Vista a Providencia da Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación que figura no expediente, na que se ordena que se incoe o procedemento para a contratación da execución da obra de “MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA”, figurando as características da mesma na documentación recibida polo Departamento de Contratación do Concello de Oleiros enviada polo Departamento de Obras públicas, na que figuran a proposta de gasto, a Memoria explicativa de data 29 de maio de 2024 e Proxecto técnico, aprobado con data 30 de maio de 2024.

Visto que o orzamento da presente licitación é de 127.568,79 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (26.789,45 €), o que supón un importe de 154.358,24 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de dous (2) meses, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 140.325,67 €.

Visto que con data 21 de xuño de 2024, se emite informe xurídico pola Secretaría Municipal, no que se indica, entre outras disposicións relativas ao procedemento administrativo, que se ha de tramitar a contratación mediante un procedemento aberto consonte ao artigo 156 LCSP, e visto tamén que o expediente se acompaña dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas, redactados conforme ao establecido na lexislación para a tramitación dun procedemento aberto.

O Concello de Oleiros ten concedida subvención para a execución desta obra ao abeiro da resolución do 23 de maio de 2024 da Consellería de Economía e Industria, ao abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 14, do 19.01.2024).

Visto que, no relativo á financiación, se emitiu informe pola intervención municipal con data 28 de xuño de 2024, no que manifesta a existencia de consignación orzamentaria e se fiscaliza de conformidade o expediente, realizando as seguintes Retencións de Crédito (RC):





ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
2024	60.1532.61900	202400023341	154.358,24 €
TOTAL			154.358,24 €

O artigo 119 LCSP indica que poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público. A tales efectos o expediente deberá conter a declaración de urxencia feita polo órgano de contratación, debidamente motivada.

Para a licitación que nos ocupa, a urxencia xustificárase no informe de data 29 de maio do 2024, asinado polo Arquitecto Técnico Municipal, don José Luís Jares Vázquez, no que xustifica a urxencia do procedemento nos seguintes termos:

*“Con data do mes de febreiro de 2024, polos Servizos Técnicos Municipais redactouse o proxecto denominado “MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA”, que contempla os traballos necesarios para acometer, por unha banda, a renovación completa da beirarrúa nos tramos dos viarios interiores do Polígono Comercial-Empresarial de Icaria que se atopan máis deteriorados na actualidade (en concreto da Rúa Icaro) e, por outra banda, para proceder a renovar e reforzar a sinalización vial de diversas vías interiores do mesmo e para crear unha nova zona de estacionamento na Rúa Icaro.*

*Para a execución das obras contempladas no mesmo, solicitouse unha subvención para a habilitación e mellora de infraestruturas do parque empresarial, ao abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 14, do 19.01.2024). Segundo se establece na resolución da concesión da referida axuda, o prazo para presentar a xustificación remata o 31 de outubro de 2024, polo que as obras deberán estar rematadas, alo menos, con 15 días de antelación (co fin de preparar toda a documentación administrativa a presentar para a xustificación).*

*Tendo en conta que, segundo o proxecto técnico, o prazo de execución das referidas obras será de dous meses, polo que, para chegar en prazo para xustificar a subvención, as mesmas deberían iniciarse antes de mediados de agosto.*

*Considerando os trámites previos necesarios para poder dar comezo aos traballos (licitación da obra, adxudicación, formalización do contrato, aprobación do correspondente Plan de Seguridade e Saúde e sinatura da acta de implantación), cuxa duración pode alargarse por máis de mes e medio.*

*Visto que, de dilatarse algún dos prazos administrativos (informes de baixas temerarias, presentación de recursos, etc.), os prazos a cumprir para a xustificación da subvención veríanse moi comprometidos.*

*Polo exposto, por estes Servizos Técnicos Municipais considérase fundamental que se axilice ao máximo a contratación das obras contempladas no proxecto denominado “MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA”, polo que se propón **que se liciten de forma inmediata e con carácter de urxencia.**”*





CONCELLO DE  
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL  
Contratación e Patrimonio

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Tenencia de Alcaldía mediante Decreto da Alcaldía 2024003435, de 28 de xuño, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente para a contratación da obra de “MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA”, polo importe de 127.568,79 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (26.789,45 €), o que supón un importe de 154.358,24 € IVE engadido. O prazo de execución do referido contrato é de dous (2) meses, sen posibilidade de prórroga, tal e como se establece nos pregos de cláusulas técnicas do contrato. O valor estimado ascende a 140.325,67 €.

**SEGUNDO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que figuran no expediente e que rexerán o contrato.

**TERCEIRO.-** Declarar a urxencia na contratación do expediente de “MELLORAS NAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS DO POLÍGONO COMERCIAL DE ICARIA”, atendendo á xustificación realizada no informe de data 29 de maio do 2024, asinado polo Arquitecto Técnico Municipal, don José Luís Jares Vázquez e que se transcribe no corpo desta resolución. Aplicaranse, xa que logo, as reducións de prazos previstas no apartado segundo do artigo 119 LCSP para axilizar a contratación da obra.

**CUARTO.-** Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato, unha vez que xa foi retido o crédito segundo se desprende das operación “RC” que se sinalan a continuación:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DOCUMENTO RC	IMPORTE
2024	60.1532.61900	202400023341	154.358,24 €
TOTAL			154.358,24 €

**QUINTO.-** Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar as ofertas que se estimen oportunas no prazo de 13 días naturais, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.

**SEXTO.-** Dar traslado aos departamentos municipais correspondentes e aos interesados, debido aos efectos implícitos ao acto administrativo, así como ao servizo responsable do expediente aos efectos oportunos.





**SÉTIMO.-** Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer os seguintes recursos:

1. Con carácter potestativo recurso de reposición, no prazo dun mes, a partires do día seguinte ao que reciba a presente notificación, ante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, todo elo conforme ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.
2. Recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses a partires do día seguinte ó da notificación do acto de resolución do recurso de reposición, se fose expreso, se fose presunto, o prazo será de seis meses a partires do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto. O recurso contencioso-administrativo pódese interpoñer ante o Xulgado do Contencioso-administrativo da cidade da Coruña, de acordo co artigo 8.1 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O anterior enténdese sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), de formulación da solicitude do artigo 106.1 LPACAP ou de interposición de calquera outro recurso que se estime procedente.

***En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Alcaldesa accidental, dona Margarita Figueroa Vázquez (Decreto 2024003435 de 28 de xuño), e a Secretaria accidental, dona María Pilar Cela Álvarez, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).***

